b) Incubar as placas nestes medios de cultivo a 25 °C na escuridade durante 10 días, ao final dos cales se observa:

1.° En PDA, as características culturais: no caso de Fusarium circinatum, Niremberg et O´donnell observaranse colonias de micelio algodonoso de cor branca agrisada a rosada ou violeta.

2.° Observación baixo microscopio das características morfolóxicas: en SNA observarase a presenza de microconidios e hifas estériles enroladas, e en CLA observarase a presenza dos microconidios e os macroconidios. No caso de *Fusarium circinatum* Niremberg et O´donnell observaranse os microconidios en polifiálidas, ausencia de cadeas de conidios, presenza de hifas estériles enroladas e ausencia de clamidosporas.

5. Identificación molecular:

a) Realizar a extracción de ADN dos cultivos monospóricos dos illados sospeitosos morfoloxicamente.

b) Seguir o protocolo de PCR descrito por Schweigkofler et al. (2004), onde, en caso positivo, se obterá un fragmento de 360 pb.

Cebadores: CIRC1A (5´CTTGGCTCGAGAAGGG).
CIRC4A (5´ACCTACCCTACACCTCTCACT).

Condicións: desnaturalización a 94 °C durante 180 segundos, seguida de 45 ciclos de 94 °C durante 35 segundos, 66 °C durante 55 segundos, e 72 °C durante 50 segundos e cunha extensión final de 72 °C durante 12 minutos.

II. *Medios de cultivo*

a) Medio Komada (Komada, 1975).

$K_2HPO_4$: 1,0 g.
KCL: 500 mg.
$MgSO_4 \cdot 7H_2O$: 500 mg.
Fe-Na-EDTA: 10 mg.
L-asparaxina: 2,0 g.
D-galactosa: 20,0 g.
Ágar: 15,0 g.
Auga: 1,0 L.

Autoclavar a 121 °C durante 20 minutos e deixar arrefriar un pouco.

Engadir a seguinte solución de suplementos previamente mesturados, esterilizados por filtración e co pH ben axustado a 3,8 ± 0,2 cunha solución de ácido fosfórico ao 10%.

Pentacloronitrobenceno: 1,0 g (PNCB, 75 % WP).
Oxgall: 500 mg.
$Na_2B_4O_7 \cdot 10H_2O$: 1,0 g.
Sulfato de estreptomicina: 300 mg.

b) SNA (Spezieller-Nährstoffarmer Agar).

$KH_2PO_4$: 1,0 g.
$KNO_3$: 1,0 g.
$MgSO_4 \cdot 7H_2O$: 0,5 g.
KCL: 0,5 g.
Glicosa: 0,2 g.
Sacarosa: 0,2 g.
Ágar Oxoid N.° 3: 20,0 g.
Auga destilada: 1,0 L.

Disolver todos os ingredientes excepto o ágar. Axustar o pH a 6 –6,5. Engadir e disolver o ágar. Autoclavar a 121 °C durante 20 minutos.

c) CLA (carnation leaf agar, ágar de folla de caravel).

Ágar: 20,0 g.
Auga destilada: 1,0 L.

Autoclavar a 121 °C durante 20 minutos. Esterilizar as follas de caravel a 121 °C durante 20 minutos e colocalas sobre a superficie do ágar.

III. *Referencias*

KOMADA, H., 1975. Development of a selective medium for quantitative isolation of *Fusarium oxysporum* from natural soil. Rev. Plant Protec. Res. 8: 114-125.

SCHWEIGKOFLER, W.; O´DONNELL, K. e GARBELOTTO, M., 2004. Detection and quantification of airborne conidia of *Fusarium circinatum*, the causal agent of pine pitch canker, from two California sites by using a real-time PCR approach combined with a simple spore trapping method. *Applied and Environmental Microbiology* 70, 2004, 3512-3520.

7-009: Detection of *Fusarium moniliforme* var. *subglutinans on Pinus* spp. International Rules for Seed Testing. Annexe to Chapter 7: Seed Health Testing Methods. Published by: International Seed Testing Association (ISTA). Bassersdorf, Switzerland, 2002. p: 1-8.

# MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

## **10289** *ORDE MAM/1792/2006, do 5 de xuño, pola que se regula o procedemento de certificación de provedores de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea.* («BOE» 137, do 9-6-2006.)

O ceo único europeo é unha iniciativa da Unión Europea cuxos obxectivos consisten en reforzar as actuais normas de seguridade e de eficacia global do tránsito aéreo xeral en Europa, mellorar ao máximo a capacidade para responder ás necesidades de todos os usuarios do espazo aéreo e reducir ao mínimo os atrasos. Co fin de alcanzar estes obxectivos, desenvolveuse unha normativa que inclúe, entre outros, o Regulamento (CE) n.° 549/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, polo que se fixa o marco para a creación do ceo único europeo (Regulamento marco), e o Regulamento (CE) n.° 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, relativo á prestación de servizos de navegación aérea no ceo único europeo (Regulamento de prestación de servizos).

No Regulamento (CE) n.° 549/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, establécese que os Estados designarán ou crearán un órgano ou órganos que actuarán en calidade de autoridade nacional de supervisión, coa responsabilidade de supervisar a prestación segura e eficaz de servizos de navegación aérea e de controlar o cumprimento por parte dos provedores de servizos de apoio á navegación aérea dos requisitos comúns establecidos no ámbito comunitario. Con este fin, organizarán as inspeccións e os estudos adecuados para verificar o cumprimento dos requisitos do citado regulamento.

Para alcanzar un alto nivel de seguridade na prestación dos servizos de navegación aérea faise precisa a aplicación de normas uniformes. Neste sentido, o Regulamento (CE) n.° 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, establece un sistema común de certificación que permite expedir certificados aos provedores de servizos de apoio á navegación aérea se estes cumpren os requisitos comúns que figuran no Regulamento (CE) n.° 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen requisitos

comúns para a prestación de servizos á navegación aérea e verificar, posteriormente, que os provedores certificados manteñen un cumprimento continuado deles. Os certificados especificarán os dereitos e as obrigas dos provedores de servizos de apoio á navegación aérea, incluído o acceso non discriminatorio aos servizos por parte dos usuarios do espazo aéreo, con especial atención á seguridade. As condicións que se establezan estarán obxectivamente xustificadas e serán non discriminatorias, proporcionadas e transparentes.

O Real decreto 1124/2005, do 26 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1477/2004, do 18 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Medio Ambiente, designa a Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático como autoridade nacional de supervisión dos servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea e encárgalle a organización das inspeccións, controis e estudos precisos para verificar que a prestación de tales servizos se realiza nas debidas condicións de seguridade e eficacia, e a expedición dos certificados de provedores de servizo.

Para a aplicación práctica dos regulamentos faise preciso desenvolver as normas básicas que deben rexer o procedemento polo cal a autoridade nacional de supervisión de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea tramitará e outorgará o certificado ás organizacións que o soliciten e demostren o cumprimento dos requisitos exixidos. Así mesmo, débense regular as inspeccións e os estudos que realice anualmente para comprobar que os provedores xa certificados seguen cumprindo os requisitos.

Na súa virtude, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente orde ten como obxecto establecer o procedemento polo cal a autoridade nacional de supervisión de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea concederá os certificados como provedores de servizos de meteoroloxía de apoio á navegación aérea a aquelas organizacións que o soliciten e demostren o cumprimento dos requisitos aplicables contidos no Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen requisitos comúns para a prestación de servizos de navegación aérea, e supervisará, posteriormente, o cumprimento continuado destes requisitos por parte dos provedores certificados por ela.

Artigo 2. *Requisitos dos solicitantes.*

Os solicitantes terán o seu principal lugar de actividade e, se é o caso, a súa sede en territorio español. Para obter a certificación, deberán demostrar, o máis tardar na data en que se emita o certificado, o cumprimento dos requisitos xerais para a prestación de servizos de navegación aérea e dos requisitos específicos para a prestación de servizos meteorolóxicos contidos nos anexos I e III, respectivamente, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005.

As organizacións que opten por non se acolleren ao réxime de recoñecemento mutuo de provedores dentro do ceo único poderán solicitar un certificado limitado ao espazo aéreo baixo a responsabilidade do Estado español, acolléndose ás exencións que se recollen no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, sempre que acrediten fidedignamente na súa solicitude o cumprimento das condicións establecidas nel.

Artigo 3. *Solicitudes.*

1. Quen desexe obter a certificación de provedores de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea deberá formalizar o modelo oficial de solicitude que figura como anexo I, de acordo coas instrucións que nel se detallan.

Á solicitude xuntaráselle a seguinte documentación:

a) Memoria exposición que permita dispoñer dunha completa descrición da organización en canto á súa capacidade para cumprir cos requisitos comúns. En todo caso a memoria incluirá a seguinte información:

1.º Compromiso asinado do representante competente confirmando que a memoria se refire ao cumprimento dos requisitos comúns, que estes serán satisfeitos en todo momento e que se subministrará a información que se precise para a súa avaliación.
2.º A titularidade e os nomes dos xestores da organización.
3.º Os deberes e as responsabilidades dos xestores en relación coa implementación dos requisitos comúns.
4.º Un organigrama coa cadea de responsabilidades relativas aos requisitos comúns.
5.º Descrición xeral de recursos humanos.
6.º Descrición xeral das instalacións e dependencias.
7.º Especificación do alcance do traballo relevante para a emisión do certificado solicitado.
8.º O procedemento de notificación de cambios organizativos.
9.º O procedemento de emendas da memoria exposición.
10.º Unha descrición completa dos medios e provisións establecidas pola organización para cumprir cos requisitos comúns, incluíndo referencia detallada dos principais documentos e manuais que os describen. A memoria deberá ser redactada seguindo cada un dos puntos incluídos nos anexos I e III do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, e na súa mesma orde. Cada un destes puntos deberá fundamentarse en datos e acreditarse documentalmente.

b) O cuestionario xeral que figura como anexo II debidamente cuberto. Este cuestionario contén os puntos que se van verificar e nel solicítase información sobre a forma en que se cumpre con cada requisito e sobre as evidencias documentais que demostran o cumprimento dos requisitos comúns, así como sobre a súa localización, co obxecto de facilitar as auditorías posteriores.

Os modelos normalizados que figuran como anexos I e II estarán dispoñibles na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente (www.mma.es).

2. A presentación de solicitudes realizarase no Rexistro Xeral do Ministerio de Medio Ambiente (Praza de San Juan de la Cruz, s/n, 28071 Madrid) ou na forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse ao secretario xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático.

Artigo 4. *Emenda de erros.*

Recibida a solicitude de certificación, a Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático realizará unha comprobación inicial desta.

Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu da súa solicitude, logo de

resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 5. *Comunicación informativa ao solicitante.*

A Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático notificaralle ao solicitante, nun prazo de dez días desde a entrada da solicitude no rexistro do Ministerio de Medio Ambiente, o inicio do procedemento, indicando na dita notificación a data en que a solicitude foi recibida, a duración máxima do procedemento e os efectos que pode producir o silencio administrativo, así como o nome e datos de contacto do responsable do procedemento de concesión do certificado.

Artigo 6. *Avaliación documental, comunicación e elaboración do plan de auditorías.*

1. Recibida a documentación preceptiva, a Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático procederá á súa avaliación. Para estes efectos consideraranse como medios aceptables de cumprimento:

a) Procedementos internos ou manuais do provedor de servizos de apoio á navegación aérea.
b) Modelos ou rexistros concretos da aplicación dos procedementos anteriormente citados.
c) Os medios de demostración documental de cumprimento propostos no material guía de Eurocontrol elaborado como soporte para o proceso de certificación de provedores de servizos de apoio á navegación aérea, que se encontra dispoñible e periodicamente actualizado na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente.
d) Documentos relacionados coa análise do cumprimento das normas contidas nos anexos 3, 11 e 14 do Convenio sobre Aviación Civil Internacional (Chicago, 1944).

Durante esta avaliación determinarase, se procede, a documentación adicional que se lle pode requirir ao solicitante, xa sexa documentación complementaria á xa remitida ou documentación específica das unidades que se van inspeccionar.

Así mesmo, notificaránselle ao interesado para a súa corrección as discrepancias que se encontren. A Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático, oído o solicitante e en función das circunstancias de cada procedemento, fixará e comunicará o prazo de resolución da discrepancia e a forma de verificación da aplicación das medidas correctoras.

2. Como resultado da avaliación documental, a Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático elaborará un plan de auditorías cun programa de supervisión que inclúa os cuestionarios particulares para cada dependencia cos puntos que se van verificar in situ e notificarallo ao solicitante. A data de inicio das visitas de inspección acordarase co solicitante e estas comezarán dentro dos quince días seguintes á data da recepción da comunicación.

Artigo 7. *Instrución da auditoría.*

1. Durante esta fase realizarase, de acordo co artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, relativo á prestación de servizos de navegación aérea no ceo único europeo, a supervisión in situ das instalacións e unidades incluídas no plan de auditorías co fin de verificar o cumprimento dos requisitos de acordo cos cuestionarios particularizados para cada unha delas. Para cada auditoría, terá lugar unha reunión inicial, realizaranse as supervisións propiamente ditas contidas no plan, manteranse as reunións intermedias que se coiden oportunas e unha reunión final coa que se dará por concluída a auditoría.

Na reunión inicial participarán os responsables da organización, en particular a persoa designada como coordinador e contacto, e o equipo auditor.

Na reunión final revisaranse os resultados obtidos durante a supervisión e o xefe do equipo explicará as discrepancias observadas que aparecerán no informe de auditoría. Os representantes da organización poderán expresar o seu acordo ou desacordo con elas.

2. O equipo auditor elaborará un informe particular para cada unha das auditorías realizadas ás dependencias ou instalacións do solicitante.

Artigo 8. *Informe final do equipo auditor.*

A Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático, a partir dos informes particulares de auditoría, elaborará o informe final que incluirá, como mínimo, a seguinte información:

a) As datas das auditorías levadas a cabo.
b) Os nomes dos membros do equipo e as auditorías en que participaron.
c) Os nomes e enderezos de todas as dependencias e instalacións auditadas.
d) O alcance avaliado da certificación, incluíndo referencias aos requisitos aplicables considerados.
e) Referencia aos principais documentos do solicitante revisados.
f) Detalles das non conformidades identificadas, accións correctoras determinadas pola organización solicitante e aceptadas polos xefes dos equipos auditores como suficientes e da súa implantación e cerramento.
g) Conclusións e recomendacións baseadas nos resultados do proceso de auditoría para a certificación inicial, incluíndo onde for aplicable propostas para calquera condición incorporada ao certificado.

Artigo 9. *Resolución, expedición do certificado e notificación.*

1. Finalizado o proceso auditor e logo de audiencia do interesado, o secretario xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático, no prazo de dez días desde a elevación da proposta de resolución polo órgano instrutor, ditará resolución de concesión ou denegación do certificado como provedor de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea, que será motivada de acordo cos criterios de avaliación establecidos.

2. No caso de que a resolución sexa estimatoria, o secretario xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático expedirá o correspondente certificado como provedor de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea, segundo o modelo que figura como anexo III. Nas condicións adicionais anexas ao certificado incluiranse as especificacións operativas en canto ao tipo dos servizos certificados.

3. O prazo máximo para a resolución e notificación será de seis meses desde a recepción da solicitude no rexistro do Ministerio de Medio Ambiente. Se, transcorrido este prazo, non se ditase e notificase resolución, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes. O período utilizado para a emenda de deficiencias e achega de documentos interromperá este prazo, ao abeiro do artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Contra a resolución do secretario xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes se a resolución é expresa e tres meses en caso de silencio administrativo, ou poderá ser impugnada directamente ante a xurisdición contencioso-administra-

tiva, no prazo de dous meses se é expresa a resolución e seis meses en caso de silencio administrativo, de acordo co preceptuado nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 10. *Publicidade das certificacións.*

A concesión de certificados publicarase no Boletín Oficial del Estado e na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente.

Artigo 11. *Vixencia do certificado.*

O certificado terá unha validez de seis anos, e estará suxeito ao cumprimento continuo dos requisitos exixidos que poden ser verificados pola autoridade nacional de supervisión en calquera momento. Para renovar o certificado o seu posuidor deberá solicitalo con, polo menos, seis meses de anticipación á finalización da súa validez, cubrindo o modelo oficial de solicitude que figura como anexo I e indicar que se trata dunha solicitude de renovación cubrindo o recadro para o efecto.

Artigo 12. *Control do cumprimento permanente.*

1. A autoridade nacional de supervisión controlará anualmente o cumprimento permanente dos requisitos baixo os que se emitiu a certificación inicial. Con este fin elaborará anualmente para cada provedor, logo de consulta con este, un programa anual de auditoría que cubra todos os servizos certificados. O citado programa será notificado ao provedor de servizos de apoio á navegación aérea con antelación ao seu inicio.

2. O programa anual de auditoría cumprirá os seguintes requisitos:

a) Basearase no programa xeral de inspección que aparece no anexo IV.

b) Elaborarase tendo en conta a avaliación dos riscos asociados ás diferentes operacións constituíntes dos servizos prestados.

c) Como consecuencia do punto anterior, e a criterio da autoridade nacional de supervisión, poderá conter obxectos de supervisión diferentes aos verificados para a certificación inicial.

d) Indicará os intervalos previstos para as inspeccións das distintas unidades, dependencias e instalacións.

3. Despois de cada auditoría elaborarase un informe no cal se proporán, se procede, accións correctoras ás non conformidades detectadas.

Artigo 13. *Ampliación do alcance do certificado.*

1. Os provedores que operen cun certificado limitado ao espazo aéreo español poderán solicitar un certificado que lles permita prestar servizos transfronteirizos en réxime de recoñecemento mutuo.

Así mesmo, calquera provedor poderá solicitar a ampliación do seu certificado en canto ao alcance dos servizos meteorolóxicos que pretenda prestar.

2. A solicitude presentarase no modelo normalizado que figura no anexo I, acompañada dunha memoria explicativa que especifique os cambios operados e demostre a continuidade no cumprimento dos requisitos, e do cuestionario xeral que figura no anexo II, formalizado nas partes relevantes para a nova condición.

3. A autoridade nacional de supervisión organizará os estudos e as inspeccións pertinentes para verificar que o solicitante alcanza o cumprimento total dos requisitos aplicables contidos nos anexos I e III do Regulamento (CE) n.° 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005. O novo certificado será emitido, se é o caso, finalizado o proceso de supervisión e conterá as novas condicións e o período de validez, cuxa vixencia se computará desde a data de expedición do anterior certificado.

Artigo 14. *Comunicación de cambios na organización.*

Cando un provedor certificado prevexa a introdución de cambios na prestación de servizos que poidan afectar o cumprimento dos requisitos comúns aplicables, ás condicións incorporadas ao certificado ou afecten a seguridade, deberallo notificar á autoridade nacional de supervisión, achegando, se procede, unha actualización da memoria exposición que conteña os mencionados cambios. A autoridade nacional de supervisión actuará en cada caso conforme o disposto no artigo 5 do Regulamento (CE) n.° 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005.

Artigo 15. *Apercibimento, suspensión e retirada do certificado.*

A autoridade nacional de supervisión adoptará, en caso de incumprimento dos requisitos comúns aplicables ou das condicións incorporadas ao certificado, as medidas oportunas de acordo co establecido no artigo 5 do Regulamento (CE) n.° 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005; no artigo 7.7 do Regulamento (CE) n.° 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, e no artigo 9 do Regulamento (CE) n.° 549/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, polo que se fixa o marco para a creación do ceo único europeo, tendo en conta a necesidade de garantir a continuidade dos servizos.

Artigo 16. *Réxime aplicable.*

O procedemento de certificación de provedores de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea rexerase, ademais de polo previsto nesta orde, polo disposto no Regulamento (CE) n.° 549/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004; no Regulamento (CE) n.° 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004; no Regulamento (CE) n.° 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional única. *Utilización de medios externos.*

A autoridade nacional de supervisión de servizos meteorolóxicos de navegación aérea utilizará, para o desenvolvemento das funcións contidas nesta orde e por razóns de eficacia ou cando non dispoña dos medios técnicos idóneos, os medios persoais e técnicos externos que considere apropiados en cada momento, incluíndo a encomenda das inspeccións e estudos.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 5 de xuño de 2006.–A ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona Ruiz.

# ANEXO I

## Modelo de solicitude de certificación como provedores de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea

**SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN COMO PROVEDOR DE SERVIZOS METEOROLÓXICOS DE APOIO Á NAVEGACIÓN AÉREA**

Solicitude inicial ☐

Renovación do certificado ☐

Solicitude por cambios ☐

(Marcar o apropiado)

1. **Nome rexistrado do solicitante**

2. **Nome comercial do solicitante (se é diferente)**

3. **Enderezo**

4. **Persoa de contacto**

Nome

Enderezo para efectos de notificacións

Teléfono

Fax

Correo electrónico

5. **Nome do director xeral**
(ou posto equivalente dentro da organización)

6. **Sinatura do director xeral**
(ou posto equivalente dentro da organización)

7. **Lugar e data**

## 8. Memoria exposición da organización

### Solicitude inicial de certificación

Tres copias da memoria acompañan a presente solicitude ☐

### Solicitude por cambios

Tres copias das páxinas modificadas na memoria orixinal acompañan a presente solicitude ☐

## 9. Cuestionarios xerais

Tres copias dos cuestionarios acompañan a presente solicitude ☐

## 10. Exencións (en caso de seren aplicables)

Formalizarase unicamente se a organización solicita as exencións específicas de acordo co artigo 4 do Regulamento (CE) nº 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005.

O solicitante sabe que, de acordo co artigo 4 do mencionado regulamento, o certificado non lle permite a prestación de servizos transfronteirizos e que non pode beneficiarse do dereito de mutuo recoñecemento dentro do ceo único europeo. ☐

O solicitante percibe uns ingresos brutos anuais non superiores a 1.000.000 EUR en relación cos servizos que presta ou ten intención de prestar. ☐

Nota: o solicitante achegará evidencias documentais relevantes do arriba manifestado na súa exposición da organización.

## 11. Descrición detallada do alcance dos servizos para os cales se solicita certificación ou aprobación de cambios

a) Utilice o número de páxinas que necesite para completar a táboa.

b) Cubra unicamente os recadros relevantes para a solicitude.

c) Na columna "Condicións propostas polo solicitante" incluiranse todas aquelas condicións e limitacións identificadas pola organización en relación cos servizos para os cales se solicita a certificación. As condicións propostas deberán ser formuladas claramente e pertencer ao grupo de posibles condicións adicionais ao certificado de acordo co anexo II do Regulamento (CE) nº 550/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004.

d) Cando sexa necesario, as condicións poden ser descritas por medio de referencias aos documentos anexos á presente solicitude ou a outra información pertinente.

| Servizos | Tipo de servizo que se vai prestar | Parte do servizo que se vai prestar | Subparte do servizo que se vai prestar | Condicións propostas polo solicitante |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Secretario xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático

Praza de San Juan de la Cruz, s/n. 28071 Madrid (España)

# ANEXO II

## Cuestionario xeral para a certificación de provedores de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea

### INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR O CUESTIONARIO

O fin destes cuestionarios é dobre:

- Proporcionar por parte do provedor de servizos meteorolóxicos de apoio á navegación aérea, indicacións sobre a demostración do cumprimento dos diferentes requisitos mediante a súa resposta ás preguntas formuladas coa achega documental necesaria que apoie as súas afirmacións.

- Coñecer en profundidade a organización de forma que resulte máis sinxela a definición completa do plan de auditorías físicas.

### Descrición dos cuestionarios:

Os cuestionarios preséntanse nunha táboa (ver figura) organizada de forma que se mostran tanto os requisitos establecidos enumerados de acordo co Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, como os puntos concretos que verificar para asegurar o cumprimento dos citados requisitos.

| ID | Ref. | Cuestión | Xustificación | Resposta | | | | | Evidencias documentais | Competencia (Unidade) | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | S | N | P | NA | NS | | | |
| I-3. XESTIÓN DA SEGURIDADE E DA CALIDADE | | | | | | | | | | | |
| 3.1 XESTIÓN DA SEGURIDADE | | | | | | | | | | | |
| O provedor de servizos de navegación aérea xestionará a seguridade de todos os seus servizos. Para iso, establecerá contactos formais con todos os interlocutores directamente na seguridade dos seus servizos | | | | | | | | | | | |
| I.3.001 | RC CE Anexo I.3 3.1 | ¿As relacións con todos os interlocutores que poidan influír directamente na seguridade dos seus servizos están formalizadas? | ▪ Procedementos de xestión<br>▪ Relación de interlocutores (stakeholders)<br>▪ Contratos de servizos ou subministración con provedores afectados<br>▪ Acordos de nivel de servizo cos interlocutores. | | | | | | | | |
| I.3.002 | RC CE Anexo I.3 3.1 | Os acordos existentes cos interlocutores aseguran unha identificación e tratamento de aspectos que poden influír na seguridade dos | | | | | | | | | |

- As filas sombreadas en gris escuro presentan os títulos baixo os que se agrupan os diferentes requisitos.
- As filas sombreadas en gris claro presentan o texto orixinal dos requisitos.
- As filas sen sombrear presentan os requisitos materializados en puntos específicos de verificación, obténdose un ou varios puntos por cada requisito. En cada fila preséntase un punto concreto ao que a organización debe responder. Estas filas teñen os seguintes campos:
  - o **ID:** número de identificación de cada pregunta dentro do propio cuestionario coa seguinte estrutura:

**a.b.xxx** onde **a** corresponde ao número de anexo en que se encontra o requisito, **b** é o punto dentro do anexo e **xxx** é un número correlativo para ordenar as preguntas.

- o **Ref.:** referencia ao punto do documento da normativa aplicable en que se encontra o requisito para verificar.
- o **Cuestión:** pregunta concreta que debe responder a organización para verificar o cumprimento dos requisitos.
- o **Xustificación:** evidencias que se propoñen á organización para xustificar o cumprimento dos requisitos. En cada un dos puntos especifícase o tipo de documentación que a organización podería presentar durante a supervisión para xustificar que cumpren con ese punto. Poden ser manuais, procedementos escritos, comunicacións internas, rexistros, etc.
- o **Resposta:** elixirase unha soa das seguintes dispoñibles:
  - **S (Si):** resposta afirmativa á pregunta formulada.
  - **N (Non):** resposta negativa á pregunta presentada.
  - **P (Parcialmente):** a afirmación non cobre totalmente o termo da pregunta.
  - **NA (Non aplica):** ese punto non é de aplicación á organización.
  - **NS (Non se coñece):** non se coñece ou se teñen dúbidas sobre a posible resposta.

  A organización poderá anotar no campo **Observacións** calquera aclaración que coide oportuna ao respecto da pregunta. Estas observacións poderanse ampliar todo o que se coide conveniente usando os formatos de observacións que se xuntan ao cuestionario ao final deste.
- o **Evidencia(s) documental(is):** documentación que a organización presenta como mostra de cumprimento dese punto. Se a evidencia documental se encontra contida dentro dun documento que abranga máis puntos, neste campo deberase indicar o nome do documento así como a epígrafe deste documento onde se encontre situada a xustificación documental.

  A documentación que se mencione neste recadro non ten por qué coincidir coa que se propón no recadro denominado **Xustificación**. Esta última é só unha posible referencia, xa que é a organización a que coñece con detalle os procedementos que aplica e a documentación de que dispón para presentar como evidencia de cumprimento. Esta documentación deberá acompañar os cuestionarios formalizados, de forma que estea dispoñible para a súa consulta por parte do equipo auditor durante o desenvolvemento da avaliación documental.
- o **Competencia:** unidade, división, departamento, etc. dentro da organización, responsable en relación co punto en cuestión. Con isto facilítaselle ao equipo supervisor o coñecemento da estrutura da organización e a decisión das persoas que deberán estar presentes ou dispoñibles durante o desenvolvemento das posibles supervisións in situ.
- o **Observacións:** comentarios ou aclaracións que a organización considere oportunos como por exemplo aclaracións sobre o cumprimento total, parcial ou incumprimento dos requisitos e, en xeral, calquera aclaración que considere conveniente para facilitar o desenvolvemento da supervisión. Estas observacións poderanse ampliar todo o que se estime conveniente usando os formularios para observacións anexos ao cuestionario ao final deste.

  Ao final do cuestionario inclúense formatos específicos para realizar calquera outro tipo de observacións.

**CUESTIONARIO PARA A SUPERVISIÓN DE SERVIZOS METEOROLÓXICOS DE APOIO Á NAVEGACIÓN AÉREA**

(Folla de control)

| | |
|---|---|
| Organización | |

| | | |
|---|---|---|
| Responsable de formalización | Nome e apelidos | |
| | Posto ou cargo | |
| | Sinatura | |
| | Data | ____ de ___________________ de 200__ |

**CUESTIONARIO PARA A VERIFICACIÓN DE REQUISITOS COMÚNS SERVIZOS METEOROLÓXICOS PARA A NAVEGACIÓN AÉREA**
**Anexo I.2 Estrutura e xestión organizativas**

| ID | Ref. | Cuestión | Xustificación | Resposta | | | | | Evidencias documentais | Competencia (Unidade) | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | S | N | P | NA | NS | | | |
| I-2. ESTRUTURA E XESTIÓN ORGANIZATIVAS | | | | | | | | | | | |
| 2.1 ESTRUTURA ORGANIZATIVA | | | | | | | | | | | |
| O provedor de servizos de navegación aérea establecerá e xestionará a súa organización de acordo cunha estrutura que apoie unha prestación de servizos segura, eficaz e continuada.<br>A estrutura organizativa definirá:<br>a) a autoridade, as obrigas e as responsabilidades dos responsables titulares dos postos, en particular dos directivos encargados de seguridade, calidade, protección, recursos financeiros e humanos;<br>b) as relacións e estruturas xerárquicas entre as distintas partes e procesos da organización. | | | | | | | | | | | |
| I.2.001 | Anexo I.2 2.1 | Dispón a organización dunha estrutura que apoie a prestación de servizos de forma segura, eficaz e continuada? | ▪ Manual de funcións e responsabilidades.<br>▪ Organigrama<br>▪ Relación de postos de traballo.<br>▪ Descrición de postos de traballo.<br>▪ Delegación de competencias.<br>▪ Asignación de funcións. | | | | | | | | |
| I.2.002 | Anexo I.2 2.1 | Existe na estrutura organizativa a identificación do directivo encargado da seguridade (safety), calidade, protección (security), recursos financeiros, recursos humanos, así como a descrición completa do seu traballo (autoridade, obrigas e responsabilidades) ? | ▪ Manual de funcións e responsabilidades.<br>▪ Organigrama.<br>▪ Relación de postos de traballo.<br>▪ Descrición de postos de traballo.<br>▪ Delegación de competencias.<br>▪ Asignación de funcións.<br>▪ Relacións xerárquicas. | | | | | | | | |
| I.2.003 | Anexo I.2 2.1 | Existe na estrutura organizativa a identificación doutros postos de responsabilidade non mencionados na anterior pregunta así como a descrición completa dos seus traballos (autoridade, obrigas e responsabilidades)? | | | | | | | | | |

**CUESTIONARIO PARA A VERIFICACIÓN DE REQUISITOS COMÚNS SERVIZOS METEOROLÓXICOS PARA A NAVEGACIÓN AÉREA**
**Anexo I.2 Estrutura e xestión organizativas**

| ID | Ref. | Cuestión | Xustificación | Resposta | | | | | Evidencias documentais | Competencia (Unidade) | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | S | N | P | NA | NS | | | |
| I.2.004 | Anexo I.2 2.1 | Identifícanse e descríbense as diferentes partes da organización así como as súas relacións xerárquicas? | ▪ Manual de funcións e responsabilidades.<br>▪ Organigrama. | | | | | | | | |
| I.2.005 | Anexo I.2 2.1 | Identifícanse e descríbense os diferentes procesos da organización así como as súas relacións xerárquicas? | ▪ Mapa de procesos | | | | | | | | |
| 2.2 XESTIÓN ORGANIZATIVA | | | | | | | | | | | |
| O provedor de servizos de navegación aérea presentará un plan empresarial que abranga un período mínimo de cinco anos.<br>Este plan deberá:<br>a) presentar os obxectivos xerais e as metas do provedor de servizos aéreos e a súa estratexia para alcanzalos de conformidade cos seus plans xerais a longo prazo e cos requisitos comunitarios pertinentes para o desenvolvemento da infraestrutura ou outras tecnoloxías;<br>b) conter obxectivos de rendemento adecuados en materia de calidade e nivel de servizo, seguridade e eficiencia en custos. | | | | | | | | | | | |
| I.2.006 | Anexo I.2 2.2 | Dispone dun plan empresarial (plan de negocio) que abranga un periodo mínimo de cinco anos? | ▪ Plan estratéxico que conteña os aspectos pertinentes.<br>▪ Plan de negocio ou similar. | | | | | | | | |
| I.2.007 | Anexo I.2 2.2 | O plan de negocio presenta os obxectivos e as metas do provedor e a súa estratexia para alcanzalos de conformidade cos seus plans xerais a longo prazo e cos requisitos comunitarios pertinentes para o desenvolvemento da infraestrutura ou outras tecnoloxías? | | | | | | | | | |
| I.2.008 | Anexo I.2 2.2 | O plan de negocio contén obxectivos de rendemento adecuados en materia de calidade e nivel de servizo, seguridade (safety) e eficiencia en custos? | | | | | | | | | |
| O provedor de servizos de navegación aérea elaborará un plan anual para o ano seguinte, no cal se especificarán máis as características do plan empresarial e se describirán os posibles cambios. | | | | | | | | | | | |

**CUESTIONARIO PARA A VERIFICACIÓN DE REQUISITOS COMÚNS SERVIZOS METEOROLÓXICOS PARA A NAVEGACIÓN AÉREA**
**Anexo I.2 Estrutura e xestión organizativas**

| ID | Ref. | Cuestión | Xustificación | Resposta | | | | | Evidencias documentais | Competencia (Unidade) | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | S | N | P | NA | NS | | | |
| I.2.009 | Anexo I.2 2.2 | Disponse dun plan anual que cubra o ano vindeiro e que proporcione de forma máis detallada información en liña cos obxectivos a curto prazo (1 ou 2 anos) do plan de negocio? | ▪ Plan anual.<br>▪ Plan operativo. | | | | | | | | |
| I.2.010 | Anexo I.2 2.2 | Especifícanse no plan anual os posibles cambios sobre o plan de negocio? | | | | | | | | | |
